

estratexias de animación á lectura Estratexias de animación

á lectura estratexias de animación á lectura estratexias


de animación á lectura **estratexias de animación**

á lectura estratexias de animación á lectura

Estratexias de animación á lectura estratexias de animación



ESTRATEGIAS DE ANIMACIÓN Á LECTURA



A PASTELARÍA DE DONA REMEDIOS

Obxectivos

- Mellorar a comprensión lectora.
- Desenvolver o gusto pola lectura e pola escritura.
- Coñecer o mundo dos contos.
- Desenvolver a imaxinación.
- Reflexionar sobre o comportamento adecuado dos nenos, a partir da figura de Luisiño.

2

Orientacións

Mediante a lectura desta obra, os alumnos aprenderán a facer hipóteses xogando coas doses de misterio que posúe a obra e reflexionarán sobre as normas de conduta social e cívica dos nenos. Probablemente, grazas á empatía, poderán comprender os sentimentos dos adultos fronte ás súas trasnadas.

ACTIVIDADE 1

(Previa á lectura): ¡MMMMM!

Obxectivos

- Mellorar a expresión oral.
- Suscitar o interese pola lectura do libro.
- Desenvolver o pracer pola comida sa.
- Comprender as normas de participación nunha conversa dirixida.
- Valorar o respecto polos compañeiros e polas súas intervencións.

Descrición

O profesor/a propoñeralles aos alumnos que falen do seu doce preferido (conversa dirixida). Cada un explicará que é o que lle gusta. Deseguido, pediralles que llo expliquen ao compañeiro/a que teñan sentado ao seu carón e despois de cinco minutos pediralles que expliquen o doce preferido do compañeiro/a, non o seu. escoitarán todos os compañeiros e reflexionarán sobre a variación nos gustos.

3

Orientacións

Mediante esta actividade, os alumnos aprenderán a falar dos seus gustos, mellorarán a comprensión oral e terán que facer o esforzo de falar en terceira persoa para explicar os gustos do compañeiro/a.

En función do grupo, o profesor/a decidirá a posibilidade de facer que os alumnos reflexionen sobre o valor nutricional dos alimentos expostos e, se o cre necesario, pode analizar tamén o valor dos seus almozos, das súas merendas etc.

Finalmente, para terminar a actividade, presentará *A pastelaría de dona Remedios* e invitará os alumnos á lectura.

ACTIVIDADE 2

(Previa á lectura): **¡DIME A RECEITA!**

Obxectivos

- Comprender a estrutura do texto instrutivo (receita de cociña).
- Mellorar a expresión escrita.
- Favorecer o traballo ordenado e individual.

Descrición

O profesor/a preguntarlles aos alumnos se eles saben cociñar algún prato. A seguir, explicará a estrutura propia dunha receita de cociña. Anotará no encerado as partes esenciais (ingredientes, elaboración) explicando a importancia de organizar a explicación en puntos ou parágrafos distintos e pediralles que escriban unha receita que saiban facer. Para facilitarlles o traballo pódelles entregar unha ficha onde se recolla esta información para que os alumnos só teñan que completala.

| | |
|----------------------|--|
| Nome: | _____ |
| Data: | _____ |
| Receita: | _____ |
| Ingredientes: | |
| | • _____ |
| | • _____ |
| | • _____ |
| | • _____ |
| Elaboración: | |
| Primeiro | _____ |
| | _____ |
| Despois | _____ |
| | _____ |
| Finalmente | _____ |
| | _____ |
| Debuxo: | <div style="border: 1px dashed black; width: 150px; height: 50px; margin-left: 20px;"></div> |

Orientacións

É importante que o profesor/a oriente os alumnos na escritura da receita para que escriban receitas doadas e resuman de maneira adecuada o proceso de elaboración.

Pode ser útil que o profesor/a lles amose un modelo de receita para se asegurar de que comprenden ben o que se lles pide.

ACTIVIDADE 3

(Durante a lectura): **A NOSA PASTELARÍA...**

Obxectivos

- Suscitar o interese pola lectura do libro.
- Mellorar a comprensión lectora.
- Desenvolver a capacidade creativa.
- Mellorar a expresión oral.
- Valorar o respecto polos compañeiros e polas súas intervencións.

Descrición

O profesor/a remitirá os alumnos á primeira páxina da obra e preguntarlles como é o cartel da pastelería de dona Remedios. Entregaralles unha folla en branco e pediralles que o debuxen.

Deseguido, invitará os alumnos a pensar que a aula se pode converter nunha pastelería ou mesmo nun restaurante de prestixio e pediralles que propoñan un cartel para o anunciar. Así que todos os alumnos creen o seu propio cartel de anuncio, seleccionará un dos debuxos e axudaralles a facelo grande dabondo para que se poida colocar na entrada da aula.

Mentres dure a lectura da obra, poden deixar a aula decorada co cartel e coas receitas realizadas na actividade anterior, para os motivar na lectura. Ademais, o cartel incitará a alumnos doutras clases a preguntar polo motivo do cartel e eles poderán explicar que se trata dunha lectura.

Orientacións

Para motivalos a todos e non seleccionar só un debuxo, o profesor/a pode intentar crear un cartel que recolla distintas ideas dos alumnos, que sexa unha mestura de moitos debuxos. Ademais, ao facelo de tamaño grande, pediralles a todos os nenos que participen, de maneira ordenada, na súa elaboración (organizando quendas para que todos poidan pintar un anaco).

ACTIVIDADE 4

(Durante a lectura): **¿QUE IMAXINAS?**

Obxectivos

- Suscitar o interese pola lectura do libro.
- Fomentar a creatividade para crear hipóteses.
- Mellorar a comprensión lectora e a expresión escrita.
- Mellorar a expresión oral.
- Valorar o respecto polos compañeiros e polas súas intervencións.

Descrición

Despois da lectura do segundo capítulo, antes de empezar o terceiro, o profesor/a fará fincapé no misterio que xera o autor da obra. O capítulo termina cunha exclamación: «¡Temos que arranxalo todo antes de que cheguen!» e motivará os alumnos para que creen hipóteses:

- ¿Quen vai chegar?
- ¿Que pasa os xoves?
- ¿Que credes que vai pasar?
- ¿Van rematalo todo?

Pediralles aos alumnos que discutan sobre o tema co compañeiro/a e que expoñan logo as súas ideas na aula. Despois de escoitar todas as hipóteses, comprobarán o que sucede realmente e continuarán coa lectura.

Orientacións

Para realizar esta actividade é importante que todos os alumnos lean a obra ao mesmo ritmo: se algún alumno/a xa leu toda a obra ou vai máis adiantado que outros compañeiros, non poderá crear hipóteses, senón que estará a realizar un traballo de comprensión lectora.

ACTIVIDADE 5

(Despois da lectura): **¡IMOS FACER TEATRO!**

Obxectivos

- Suscitar o interese pola lectura do libro.
- Fomentar a creatividade.
- Mellorar a comprensión lectora.
- Mellorar a expresión oral e a memoria.
- Mellorar a expresión corporal.
- Valorar o respecto polos compañeiros e polas súas intervencións.

Descrición

Luisiño e súa nai teñen unha conversa sobre o seu comportamento na pastelería. O profesor/a pediralles aos alumnos que se organicen en parellas e que, despois de ler de novo o fragmento, representen teatralmente a conversación, xusto desde que os personaxes baixan do autobús ata que entran na pastelería.

7

Orientacións

Para motivar os alumnos na actividade, o profesor/a pódelles deixar o primeiro día para estudar o fragmento e pódelles pedir que ao día seguinte o representen na clase. Se o desexa, pode deixar que os alumnos traian algún elemento persoal de atrezzo, como unha perruca para o personaxe que represente a nai ou un bolso. Así, os alumnos animaranse na realización da actividade.